

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 30

ano 5

setembro-outubro 2010

Os arquivos dos mosteiros (II) DOCUMENTOS QUE ACREDITAN BENS E DEREITOS

No ano 1150 **Afonso VII** doou á igrexa compostelá de **Santa María de Sar** unha masa de bens para que sobre o soar do antigo mosteiro bieito de **Xunqueira de Ambía** fundase un priorado de cónegos regulares de Santo Agostiño, orde relixiosa xa instalada no priorado de Sar. A doazón plasmouse nun privilexio redactado en latín na **chancelaría real**, oficina que expedía a documentación do monarca, cuxo texto parafraseado en galego comezaba así:


Eu Afonso, emperador de toda España ... fago carta de doazón ... á igrexa de Santa María de Sar ... do mosteiro que chaman Santa María de Xunqueira, que me pertence, ... na terra da Limia, na ribeira do Arnoia, entre Allariz e Ambía ...

Era costume que despois da morte dun rei se acudise aos seus sucesores para que confirmasen os dereitos que aquel lle concedera a unha familia ou institución a fin de asegurar a vixencia deses dereitos. Iso fixeron os cónegos de Xunqueira en 1316 cando se presentaron na vila de Toro (Zamora) co antigo privilexio fundacional que celosamente gardaban no seu arquivo. Alí mostráronllo ao neno **Afonso XI** para “pedir merced” de que lles confirmase a posesión daqueles bens e dereitos que lle doara o seu antepasado Afonso VII. O rei accedeu á solicitude dos cónegos e mandou á chancelaría real que expedise o correspondente **privilexio de confirmación**:

Nos, don Alfonso, ... viemos carta que dizien que era privilegio del emperador de Espanna ... Et agora, el prior et el convento del monesterio de Junquera enbiaron nos pedir merced que les confirmasemos la dicha carta et les mandásemos dar ende nuestro privilegio ..., et nos ... por les fazer bien et merced ... toviémoslo por bien, et confirmámosla et mandamos que vala así como valió en tienpo del rey don Fernando ... [et] mandámosles dar ende este nuestro privilegio seellado con nuestro seello de plomo.”

Na chancelaría real redactouse o privilexio coidando a grafía gótica e os **signos de validación** que garantían a autenticidade do diploma: a **rota** ou

roda real co escudo de León e Castela e o **sello de chumbo** (perdido neste caso) que penduraba dun cordón de seda suxeito ao pergamiño a través dos orificios que se poden ver na súa parte baixa. Aos lados da rota consignáronse os nomes dos **confirmantes**: bispos, nobres, etc. que terían sido testemuñas do acto de confirmación do privilexio.



1316, agosto, 16. Toro
Confirmación de Afonso XI dun privilexio outorgado por Afonso VII no que doa á igrexa de Santa María de Sar o mosteiro e coto de Xunqueira de Ambía para incorporalo á Regla de Santo Agostiño.
Inserto, privilexio de Afonso VII, feito en 1150, abril, 30.
Orixinal: pergamiño; escritura gótica; castelán e latín; 495 x 685 mm.
AHPOu. Colexiata de Sta. Mª de Xunqueira de Ambía, Carp. 30/1.

O privilexio rodado

O privilexio rodado foi o tipo documental máis **solemne** que emitiu a chancelaría castelá-leonesa entre os séculos XII e XV. Nun principio destinouse fundamentalmente á escrituración de doazóns reais e a partir do século XIII usábase para a confirmación desas doazóns, como se pode ver no privilexio de Xunqueira de Ambía.

Trátase de pergamiños de gran tamaño e coidada caligrafía con **elementos de validación** que lle confiren gran vistosidade. Entre estes destaca a **rota** ou “roda” chamada así pola forma que ten o signo real de validación e que lle dá o apelido a este tipo documental. Este signo aparece por primeira vez na chancelaría pontificia medieval e foi introducido na chancelaría castelá-leonesa polo arcebispo compostelán e chanceler real **Diego Xelmírez** (1070?-1140). Nun principio, a **rota** era moi sinxela pero foi evolucionando e complicando a súa forma ata chegar ao modelo que presenta no privilexio de Xunqueira.

Consta de tres círculos concéntricos: no interior van as armas do rei (castelo e o león), no segundo o nome do monarca outorgante e no máis externo o nome do mordomo rexio, se ben neste caso aparecen os nomes dos titores do rei, xa que aínda era menor de idade no momento de outorgarse o privilexio. Flanqueando a rota aparece unha longa lista de **personaxes confirmantes** (bispos, nobres...) que avalan o documento coa súa suposta presenza no acto de confirmación. Entre os outros elementos formais e ornamentais do privilexio tamén destaca o **crismón** policromado que principia o texto. Trátase dunha invocación á divindade a traveso do monograma simbólico-gráfico formado coa combinación das primeiras letras do nome de Cristo en grego: a *ji* (X) e a *ro* (P).

Títulos de bens e dereitos: o “tesouro” do mosteiro

Na procura de beneficios tanto espirituais como temporais, desde a Idade Media reis e nobres realizaron xenerosas doazóns en forma de **actos piadosos** destinadas á fundación de mosteiros -ou refundación, como o caso de Xunqueira de Ambía- que permitiron a constitución dos patrimonios monásticos iniciais.

Por tanto, como exemplifica o privilexio que protaxiza este número de *Fronde*, a **fundación dun mosteiro** supoñía dotalo dunha masa de bens –fundamentalmente **terras**- que fixese posible a súa viabilidade económica e autoabastecemento, e mesmo podía incluír a cesión de **dereitos xurisdiccionais** sobre un territorio. As doazóns reais tomaban forma documental de privilexio, pero as dos nobres e outros particulares concretábanse en **escrituras de doazón** ou en **legados** incluídos nun **testamento**. Pola súa banda, os papas a traveso das **bulas pontificias** acollían aos mosteiros baixo a súa protección e lles concedían dereitos eclesiásticos diversos (exención

de pagamento e dereito á percepción de décimos, presentación de beneficios curados, etc.).

Co transcurso do tempo, monxes e monxas seguiron acrecentando ese patrimonio inicial por vía de doazóns, pero tamén mediante compras e trocos de terras e casas que se documentan en innumerables **contratos de compra-venda e escrituras de permuta**. Este incremento patrimonial e o progresivo afastamento dos relixiosos da explotación directa da terra, levounos a entregar o aproveitamento desta aos campesiños por medio de distintos **contratos agrarios**, entre os que o foro ficará sendo o máis habitual. De feito, os contratos de **foro**, xunto cos outros documentos xerados por esta renda (memoriais de foros, libros forais, apeos, prorratesos, memoriais cobradores, etc.) constitúen a meirande parte da documentación que se conserva dos fondos monásticos.



Rota e listas de confirmantes no privilexio de Xunqueira de Ambía

Os monxes e as monxas tamén canalizaron parte dos seus excedentes agrarios na **actividade crediticia** facendo préstamos a campesiños e nobres en apuros, e mesmo á Coroa mediante compra de débeda pública ou **xuros**. Destes consérvanse os da Idade Moderna, así como abundantes **escrituras de censo** da mesma época, é dicir, de créditos hipotecarios redimíbles coa devolución do préstamo ou perpetuos co pago indefinido dos intereses.

Todos estes documentos acreditaban a titularidade de bens e dereitos e por iso eran necesarios para esixir por **vía xudicial** a percepción das rendas agrarias ou o cobro dos intereses crediticios en caso de non pagamento. Por ser fundamentais para a conservación e defensa da integridade do patrimonio durante a Idade Media custodiáronse con especiais medidas de seguridade no **“tesouro”** do mosteiro e copiáronse en libros **tombos**; e pola mesma razón adoitan ser os únicos documentos monásticos desa época que hoxe conservamos.